



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

MEMORIA DE DOBRE TITULACIÓN

Denominación: Dobre titulación do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Proposta de modificacións decembro 2022

Centros responsables dos graos e da dobre titulación

Centro A: Facultade de Ciencias da Educación

Centro B: Facultade de Formación do Profesorado

Centro responsable da organización docente do programa de dobre titulación:
Facultade de Ciencias da Educación

Nº de prazas ofertadas: 20 (10 Infantil+10 Primaria)

Curso de implantación: 2017-2018

1. Xustificación (pertinencia da dobre titulación, recursos)

Os Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria posúen a suficiente complementariedade para facer viable o deseño dun itinerario para a obtención da dobre titulación. Os dous títulos habilitan para o exercicio de profesións reguladas (Mestre en educación infantil e Mestre en educación primaria) e os requisitos para a súa verificación están determinados por ordes ministeriais semellantes (Orde ECI/3854/2007 e Orde ECI/3857/2007). As competencias que os estudantes deben adquirir, son amplamente coincidentes nos dous casos (Apartado 3 do Anexo das respectivas ordes ministeriais). Do mesmo xeito, a planificación das ensinanzas tamén ofrece unha estrutura semellante, cun módulo de formación básica, outro didáctico e disciplinar e un terceiro de Practicum (incluíndo o traballo fin de grao).

Ademais destas coincidencias no deseño de ambos os dous títulos, esta dobre titulación resulta moi pertinente pola demanda destes titulados por parte dos potenciais empregadores, que atoparán neles os profesionais idóneos para exercer tanto no ámbito da educación infantil (0-6 anos) como no da educación primaria (6-12 anos).

2. Plan de estudos

a. Características básicas da DT (explicación, plan e organización temporal)

i. Descrición xeral

O plan de estudos está articulado de tal xeito que os estudantes poidan obter as dúas titulacións en cinco cursos. O primeiro deles comprende 72 créditos; o segundo, 90 créditos; o terceiro, 87 créditos, salvo para o alumnado que pretenda acadar a Mención do Grao en Mestre/a de Educación Infantil (Mención Linguaxes Artísticas), que só tería que facer 78 créditos nese curso; o cuarto curso, 66 créditos e, finalmente, o 5º curso consta de 60 créditos, para o alumnado que non fai mención ou só realiza a mención do Grao en Mestre/a de Educación Primaria (Mención Atención á Diversidade), ou 69 créditos, para o alumnado que quere obter só a mención do Grao en Mestre/a de Educación Infantil ou unha mención en cada un dos títulos. Os estudantes deberán realizar un único Practicum I, pero teñen que desenvolver o Practicum II de cada grao. Do mesmo xeito, teñen que elaborar, presentar e defender un TFG para cada título.

Ao tratarse de dous títulos que habilitan para o exercicio de profesións reguladas e posibilitar, ademais, a obtención de mencións cualificadoras, o recoñecemento de créditos entre os dous títulos atópase fortemente restrinxido, o que dificulta o cumprimento do establecido no Artigo 3 do “Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC”. Por este motivo, o número de créditos obrigatorios dos que os estudantes deben matricularse é de 348, aos que haberá que engadir un maior ou menor número de créditos optativos en función das mencións cualificadoras que se desexen cursar: ningunha mención, 6 optativas xerais (27 créditos); unha mención nun só título, 4 optativas da mención e 2 optativas xerais (27 créditos); unha mención en cada título, 4 optativas de cada mención (36 créditos).

ii. Plan de estudos

Dobre titulación en Mestre/a de Educación Infantil e en Mestre/a de Educación Primaria

CAMPUS SANTIAGO

Proposta configuración

1º CURSO 72 ECTS							
Mestre/a de Educación Infantil				Mestre/a de Educación Primaria			
Sem	Denominación	Carácter	ECTS	Sem	Denominación	Carácter	ECTS
1º	G3121103 Psicología do desenvolvemento 0-3 anos	FB	6	1º	G3141101 Socioloxía da educación	FB	6
	G3121105 Didáctica e profesión docente	FB	6		G3141102 Infancia, familia e escola	FB	6
2º	G3121108 Observación e análise: suxeitos e procesos	FB	6		G3141105 Psicología da educación	FB	6
	G3121109 Infancia, saúde e alimentación	FB	6	G3141103 Teoría e Historia da educación	FB	6	
2º	G3121106 Psicología do desenvolvemento 3-6 anos	FB	6	2º	G3141108 Escola, comunidade e TIC	FB	6
					G3141122 Fundamentos da Educación Física	OB	6
					G3141106 Psicología do desenvolvemento (6-12 anos)	FB	6

2º CURSO 90 ECTS				Mestre/a de Educación Infantil			
Sem	Denominación	Carácter	ECTS	Sem	Denominación	Carácter	ECTS
1º	G3121104 Teorías e institucións contemporáneas de educación infantil	FB	6	1º	G3141202 Deseño, desenvolvemento e innovación curricular	FB	6
1º	G3121202 Proxectos e innovación na aula	FB	6	2º	G3141327 Didáctica da Educación Física	OB	6
				1º	G3141422 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: lingua e literatura castelás	OB	6
1º	G3121203 Organización e xestión na aula	FB	6	2º	G3141107 Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento	FB	6
1º	G3121205 Observación e análise: escola e contexto	FB	6	2º	G3141228 Ensino e aprendizaxe das Ciencias Sociais I	OB	6
2º	G3121204 Organización e xestión do centro escolar	FB	6	2º	G3141226 Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais I	OB	6
2º	G3121222 Aprendizaxe da lingua oral	OB	6	2º	G3141120 Ensino e aprendizaxe de linguas en contextos multilingües	OB	6
				2º	G3141121 Ensinanza e aprendizaxe da aritmética	OB	6
				1º	G3141328 Música na educación primaria	OB	6

3º CURSO 87 ECTS (78 só para Mención en Infantil)							
Mestre/a de Educación Infantil				Mestre/a de Educación Primaria			
Sem	Denominación	Carácter	ECTS	Sem	Denominación	Carácter	ECTS
2º	G3121324 Educación visual e plástica: contextos e procesos artísticos	OB	6	1º	G3141321 Ensino e aprendizaxe das ciencias sociais II	OB	6
1º	G3121322 Iniciación á lectura e escritura	OB	6	1º	G3141322 Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais II	OB	6
1º	G3121327 Motricidade infantil	OB	6	2º	G3141 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: inglés (223), francés (224), alemán (229), portugués (230) (2º curso).	OB	6
2º	G3121206 Escola inclusiva e necesidades educativas especiais	FB	6	2º	G3141323 Educación visual e plástica II: procesos e proxectos artísticos	OB	6
2º	G3121325 Música na educación infantil	OB	6	2º	G3141479 (Mención Atención á diversidade)	OP	4,5
				2º	G3141480 (Mención Atención á diversidade)	OP	4,5
				2º	G3141227 Ensino e Aprendizaxe da xeometría	OB	6
				Optativa xeral 4,5 (2º semestre de 3º curso)			
				Optativa xeral 4,5 (2º semestre de 3º curso)			
Practicum I OB 18 ECTS (1º semestre)							
<p>O alumnado que só queira obter a Mención do Grao en Mestre/a de Educación Infantil non tería que cursar materias optativas no 3º curso.</p> <p>O alumnado que só queira obter a Mención de Atención á Diversidade do Grao en Mestre/a de Educación Primaria non tería que cursar materias optativas xerais</p>							

4º CURSO 66 ECTS							
Mestre/a de Educación Infantil				Mestre/a de Educación Primaria			
Sem	Denominación	Carácter	ECTS	Sem	Denominación	Carácter	ECTS
2º	G3121328 Literatura infantil e dramatización	OB	6	1º	G3141324 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: lingua e literatura galegas	OB	6
2º	G3121457 (Mención Linguaxes Artísticas)	OP	4,5	1º	G3141483 Ensino e aprendizaxe das ciencias da natureza e das ciencias sociais en educación primaria	OB	6
2º	G3121458 (Mención Linguaxes Artísticas)	OP	4,5	1º	G3141325 Ensino e aprendizaxe da medida, probabilidade e estatística	OB	6
				1º	G3141481 (Mención Atención á Diversidade)	OP	4,5
				1º	G3141482 (Mención Atención á Diversidade)	OP	4,5
				2º	Practicum II	OB	24
	Optativa xeral 4,5						
	Optativa xeral 4,5						
	Optativa xeral 4,5						
	Optativa xeral 4,5						

- As materias optativas xerais teñen que ser as ofertadas no 1º semestre de 4º curso

5º CURSO 60/69 ECTS (en función de cursar a Mención en Infantil)							
Mestre/a de Educación Infantil				Mestre/a de Educación Primaria			
Sem	Denominación	Carácter	ECTS	Sem	Denominación	Carácter	ECTS
1º	G3121422 Aprendizaxe das ciencias sociais	OB	6		TFG (PRIMARIA)	OB	9
1º	G3121423 Aprendizaxe das ciencias da natureza	OB	6				
1º	G3121321 Aprendizaxe da matemática	OB	6				
1º	G3121456 (Mención Linguaxes Artísticas)	OP	4,5				
1º	G3121459 (Mención Linguaxes Artísticas)	OP	4,5				
2º	Practicum	OB	24				
	TFG (INFANTIL)	OB	9				

b. Distribución de créditos por tipo de materia (nas 2 titulacións de grao e na simultaneidade)

A) Créditos necesarios Dobre Grao, Sen Mención

	Formación Básica	Obrigatorias	Optativos	Total
1º curso	66	6	0	72
2º curso	42	48	0	90
3º curso	6	72	9	87
4º curso	0	48	18	66
5º curso	0	60	0	60
Total	114	234	27	375

B) Dobre Grao con Mención en Atención á Diversidade

	Formación Básica	Obrigatorias	Optativos	Total
1º curso	66	6	0	72
2º curso	42	48	0	90
3º curso	6	72	9 (2 materias da mención)	87
4º curso	0	48	18 (2 materias da mención e 2 optativas xerais)	66
5º curso	0	60	0	60
Total	114	234	27	375

C) Dobre Grao con Mención en Linguaxes Artísticas

	Formación Básica	Obrigatorias	Optativos	Total
1º curso	66	6	0	72
2º curso	42	48	0	90
3º curso	6	72	0	78
4º curso	0	48	18 (2 materias mención e 2 xerais)	66
5º curso	0	60	9 (2 materias mención)	69
Total	114	234	27	375

D) Dobre Grao coas dúas mencións

	Formación Básica	Obrigatorias	Optativos	Total
1º curso	66	6	0	72
2º curso	42	48	0	90
3º curso	6	72	-2 materias mención Primaria	87
4º curso	0	48	- 2 materias mención Primaria - 2 materias mención Infantil	66
5º curso	0	60	- 2 materias mención Infantil	69
Total	114	234	36	384

c. Créditos de Formación Básica (explicación recoñecemento)

Recoñécense: Socioloxía da educación / Socioloxía da educación; Infancia, familia e escola/ Infancia, familia e escola; Didáctica e profesión docente / Didáctica e tarefas docentes; Psicoloxía da educación / Psicoloxía da educación; Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento / Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento; Deseño e desenvolvemento curricular / Deseño, desenvolvemento e innovación curricular; Organización e xestión do centro escolar / Organización e xestión do centro escolar; Procesos de mellora e uso das TIC / Escola, comunidade e TIC.

d. Créditos de Formación Obrigatoria (explicación recoñecemento)

Recoñécense: Aprendizaxe de linguas en contextos multilingües / Ensino e aprendizaxe de linguas en contextos multilingües; Educación visual e plástica: contextos e procesos artísticos / Educación visual e plástica I: contextos e metodoloxías artísticas; Practicum I.

e. Créditos Optativos

Recoñécense todas as materias optativas, tanto xerais como as correspondentes ás mencións.

O número de créditos optativos que o estudante debe cursar varía en función das mencións cualificadoras que desexe obter: ningunha mención, 6 materias optativas (27 créditos); unha mención nun só título, 4 optativas da mención e 2 optativas máis (27 créditos); unha mención en cada título, 4 optativas de cada mención (36 créditos).

f. Traballo Fin de Grao (forma de cursalo)

O estudante debe desenvolver, presentar e defender un TFG por cada un dos títulos.

A imputación dos resultados académicos acadados na dobre titulación en cada un dos graos deberá realizarse ao finalizar os estudos do dobre título (RR de 31/07/2020 sobre desdobre de expedientes de dobres graos na USC).

3. Cadro de recoñecementos

Cadro de recoñecementos (titulación A – titulación B)

Mestre/a de Educación Infantil			Mestre/a de Educación Primaria		
Cód.	Denominación	Créd	Cód.	Denominación	Créd
G3121101	Socioloxía da Educación	6	G3141101	Socioloxía da Educación	6
G3121102	Infancia, familia e escola	6	G3141102	Infancia, familia e escola	6
G3121105	Didáctica e profesión docente	6	G3141104	Didáctica e tarefas docentes	6
G3121107	Psicoloxía da Educación	6	G3141105	Psicoloxía da Educación	6
G3121110	Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento	6	G3141107	Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento	6
G3121201	Deseño e desenvolvemento curricular	6	G3141202	Deseño, desenvolvemento e innovación curricular	6
G3121204	Organización e xestión do centro escolar	6	G3141201	Organización e xestión do centro escolar	6
G3121207	Procesos de mellora e uso das TIC	6	G3141108	Escola, comunidade e TIC	6
G3121323	Aprendizaxe de linguas en contextos multilingües	6	G3141120	Ensino e aprendizaxe de linguas en contextos multilingües	6
G3121324	Educación visual e plástica: contextos e procesos artísticos	6	G3141222	Educación visual e plástica I: contextos e metodoloxía artística	6
G3121329	Practicum I	18	G3141329	Practicum I	18
	Optativas			Optativas	